

MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SANTA AGUEDA
A PENA, s/n- 32101 VILAMARIN

DONA MARIA CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ-NOVOA VALLADARES,
Secretaria en funcións da Mancomunidade de Concellos santa Agueda.-

CERTIFICO: Que o Pleno da Mancomunidade en sesión ordinaria celebrada o día trinta de novembro de dous mil quince, entre outros, adoptou o acordo que literalmente copiado, di:

3.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, AO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.

Visto o escrito da Deputación Provincial de Ourense, data 28 de setembro de 2015 en relación co "**Convenio Marco de Cooperación da Deputación de Ourense coas Entidades Locais da Provincia en materia de Transparencia e Acceso á Información Pública**".

Dada lectura ao "*Convenio Marco de Cooperación da Deputación de Ourense coas Entidades Locais da Provincia en materia de Transparencia e Acceso á Información Pública*".

Dada lectura os artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

O Pleno da Mancomunidade, despois dun cambio de impresións, por unanimidade, Acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión desta Mancomunidade ao Convenio Marco de Cooperación da Deputación de Ourense coas Entidades Locais da Provincia en materia de Transparencia e Acceso á Información Pública" en todo o seu contido.

SEGUNDO.- Transferirle a Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.

TERCEIRO.- Designar como persoa responsable da execución do Convenio a Interventora da Mancomunidade Dona María Concepción Fernández-Novoa Valladares.

Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao Sr. Presidente, Don Amador Vázquez Vázquez, para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ao Pleno.

CUARTO.- Remitir certificación deste Acordo á Deputación Provincial de Ourense

E para que conste, expido a presente da orde e co visto e praxe do Sr. Presidente, Don Amador Vázquez Vázquez, en Vilamarín a un de decembro de dous mil quince

Vº e Pr.
O PRESIDENTE,

Asdo: Amador Vázquez Vázquez

